



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

## **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA-CONCURSO "O ENXOVAL DA MEMORIA" CAMARIÑAS 2021**

### **PRIMEIRO: DEFINICIÓN**

O concello de Camariñas pon en marcha unha iniciativa denominada "O enxoval da memoria" que ten como obxectivo coñecer e recuperar diferentes manifestacións culturais por medio do relato das persoas maiores.

Trátase de dar visibilidade aos nosos maiores compartindo o tesouro do pasado a través da memoria e promover as relacións entre xeracións.

O programa farase dun xeito virtual por medio da gravación de vídeos e respectando as medidas restritivas impostas polas autoridades sanitarias. A gravación terá que cumprir os requisitos de ser protagonizada por unha persoa maior e tratar sobre a temática proposta.

Establécese como tema de partida "*O Entroido*". Valoraranse exclusivamente, as gravacións en vídeo das vivencias persoais relacionadas con esta festividade, atendendo , entro outros aspectos a como se celebraba o Entroido; diferencias en como se celebraba antes e agora; cantigas, ditos, bromas típicas do Entroido; receitas de cociña; disfraces; diferencias por sexo e idade...

Terase en consideración a achega de material gráfico como fotografías, cartalaría, folletos,etc, sobre tema do Entroido que complementen o relato oral.

### **SEGUNDO: PARTICIPANTES**

As persoas interesadas en participar enviarán un vídeo coas características anteriormente descritas xunto coa solicitude de participación (Anexo I) ao departamento de cultura do Concello de Camariñas: correo electrónico: [cultura@camarinas.net](mailto:cultura@camarinas.net). WhatsApp: tlf.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

665 13 44 90. A organización resérvase o dereito a publicalo nas RR.SS e web oficial do Concello de Camariñas no momento que considere oportuno.

### TERCEIRO: PRAZO

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Camariñas.

O prazo de envío de vídeos e solicitude de participación comeza a partir das 9:00 do día seguinte da publicación das bases na web oficial [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net) e remata o 28 de febreiro de 2021

O vídeos enviados con posterioridade a esta data non participarán no concurso pero poderán ser difundidos publicamente.

### CUARTO: PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

- Mellor produción de vídeo sobre vivencias do Entroido: 300 €
- Premio á participación: 100€ para os cinco primeiros vídeos enviados nese período. (Quedarán excluídos deste premio aqueles que perciban o premio á mellor produción de vídeo)
- Sorteio dunha cesta de Entroido valorada en 100€ entre todos os participantes. (Quedarán excluídos do sorteo aqueles que perciban o premio á mellor produción de vídeo e o premio á participación)

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

O pago dos premios farase por transferencia bancaria ás persoas ou entidades que figuren como representantes na solicitude de inscrición ao concurso.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

**QUINTO: PROCEDEMENTO**

- Enviar en prazo o vídeo e solicitude de participación ao correo electrónico [cultura@camarinas.net](mailto:cultura@camarinas.net) ou WhatsApp: telf. 665 13 44 90.
- Os vídeos publicaranse nas RR.SS e web do Concello de Camariñas.
- Os gañadores dos premios e sorteo daranse a coñecer na semana do 1 ao 7 de marzo.

**SEXTO: VALORACIÓN**

A valoración corresponderalle a un xurado formado por persoas designadas pola Alcaldía e un representante do Concello de Camariñas que actuará en calidade de secretario/a con voz pero sen voto. As decisións do Xurado serán inapelable.

O xurado valorará o tratamento da temática do entroido, a implicación das persoas maiores no relato e os aspectos técnicos relacionados coa produción do vídeo.

A solicitude de inscrición implica a aceptación das bases.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

**ANEXO 1**

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA-CONCURSO "O ENXOVAL DA MEMORIA" CAMARIÑAS 2021**

D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI nº

\_\_\_\_\_   
endereço en \_\_\_\_\_ e teléfono  
\_\_\_\_\_ /

EXPÓN:

Que acepta as bases do Programa- Concurso "O enxoval da memoria" Camariñas 2021,

SOLICITA:

A inscrición no concurso coa gravación de vídeo que leva como título:  
\_\_\_\_\_ e ten unha duración de .....  
minutos.

En Camariñas a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

**Asdo:**

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**